

Primeiro, lede esta información.

## Os tipos de materia

A materia pode formar dous tipos de substancias: as **substancias puras**, que están compostas por unha soa substancia (coma o sal de cociña ou o ouro), e as **mesturas**, formadas por dúas ou máis substancias. Por exemplo, unha ensalada ou o aire que respiramos, son mesturas. As mesturas poden ser homoxéneas ou heteroxéneas.

- Nunha mestura **homoxénea** non se poden distinguir a simple vista as distintas substancias. Por exemplo, no aire non se poden diferenciar os gases que o compoñen.
- Nunha mestura **heteroxénea** pódense diferenciar a simple vista as sustancias que a forman, como sucede na ensalada.



As **propiedades xerais** da materia son a masa e o **volumen**.

A materia pódese encontrar en estado **sólido, líquido** ou **gasoso**.

A materia pode formar **substancias puras** ou **mesturas**, que poden ser **homoxéneas** ou **heteroxéneas**.



Amplia

### Coidado cos gases

Alguns gases, coma o butano, son **inflamables**: poden arder con facilidade. Outros gases, coma o dióxido de carbono, resultan **tóxicos** para o ser humano se se respiran en certa cantidade.

- Pescuda que recomendacións de seguridade hai que seguir cos aparellos domésticos que funcionan con gas.

Despois, teredes que ver este video: <https://www.youtube.com/watch?v=2FPaXer7AN0>

Observa tamén o esquema que deixei na web sobre as substancias puras e as mesturas.

Mirando o esquema, indica no cadriño da esquerda se os seguintes substancias son substancias puras ou son mesturas. No caso de que sean mesturas, pensa se son homoxéneas e heteroxéneas e indícao no ca driño da dereita.

			
			
			

